

---

# COMISIÓN SOBRE A REACTIVACIÓN ECONÓMICA, SOCIAL E CULTURAL DE GALICIA POLA CRISE DA COVID-19. PARLAMENTO DE GALICIA

---

## Intervención Eloína Ingerto, presidenta EAPN Galicia

17 de novembro de 2020

Boa tarde a todas e todos,

Moitas grazas polo seu convite unánime a participar nesta comisión. É unha honra e unha responsabilidade falar en nome dunha rede que representa a 130 organizacións do terceiro sector de acción social galego que compartimos unha causa común de loitar contra a pobreza, a exclusión e a desigualdade social e de xénero.

Permitanme comezar cunha frase súa: "*Sabemos que esta lexislatura comeza cunha emerxencia sanitaria e social que empobrecerá a milleiros de galegas e galegos se non hai un compromiso político e orzamentario da Xunta de Galicia e dos concellos e deputacións*"

Con ela ábrese a [Declaración Institucional que este Parlamento aprobou por unanimidade](#) o pasado Día Internacional para a Erradicación da Pobreza. Unha Declaración na que todas as deputadas e deputados reiteraron "*o seu compromiso unánime coa necesidade de seguir avanzando na loita contra a pobreza e a exclusión social*"

Non é un texto menor. Que no lamentable ambiente de crispación na política española, o Parlamento de Galicia sexa a excepción e se teña comprometido de xeito rotundo na loita contra a pobreza, o discurso do odio e a aporofobia non só merece o noso recoñecemento, senón especialmente das persoas que teñen reclamado con desesperación moitas das verbas que aparecen na Declaración.

Poñerlle prosa á poesía coas prioridades que cremos imprescindibles para facer real o seu compromiso vai ser a guía desta intervención que tratará de ser coherente cunha definición da palabra emerxencia que penso que compartimos: "*Situación **extraordinaria** de grave risco, catástrofe ou **calamidade pública** que require a **intervención coordinada** dos poderes públicos e da **cidadanía** para a protección e socorro de persoas e bens.*"

655.000 persoas, o 24,3% da poboación galega, atopábase no 2019 en risco de pobreza ou exclusión social (a chamada taxa AROPE) segundo o INE.

**212.000 destas persoas**, o 7,9% da poboación, [vivían na pobreza severa](#) percibindo menos de 500€ ao mes un fogar dunha persoa ou 1050€ nun de dous adultos e dous menores.

Este dato é preocupante: **o deterioro da calidade de vida das persoas en peor situación é concluínte** en todos os indicadores.

Temos algunha razón para o optimismo: malia que no 2019 empeoraron os indicadores, non debemos esquecer que Galicia foi **unha das oito comunidades autónomas que**

**conseguiron reducir a súa taxa** dende o comezo da crise no 2008 e que seguimos estando por debaixo da media nacional e moi lonxe doutras comunidades autónomas.

Estes datos son hoxe unha aspiración optimista. Unha vez mais as nosas organizacións membro están a constatar que as persoas en pobreza son as primeiras en decatarse das crisis económicas e, cando menos ata agora, as últimas en saír da mesma.

A COVID19 trouxo un agravamento notable da situación das persoas máis afectadas e que apenas se beneficiaran da recuperación económica, en especial **mulleres, mozas e mozos e nenos e nenos**.

Pero nesta ocasión está tamén a afectar de xeito significativo ás persoas e familias con ingresos mais baixos, traballos precarios ou malvivindo na economía informal e que se teñen quedado sen ningún ingreso económico.

En especial a aquelas con outros factores de exclusión: discapacidade, monoparentalidade, violencia machista (en especial a máis extrema por prostitución ou trata), etnia, persoas maiores ou con dependencia -e a quen as coidan, maioritariamente mulleres-, poboación rural, e migrantes ou refuxiadas.

Nesta situación é destacable o seu compromiso cos Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable, asumidos polo Estado español e a Xunta de Galicia. Polo que implica de fuxir da falsa diferenza entre "*pobreza de aquí ou de alá*" como demandamos xunta á Coordinadora Galega de ONG para o Desenvolvemento. **En especial co primeiro:** "*Para 2030, reducir polo menos á metade a proporción de homes, mulleres e nenos e nenos de todas as idades que viven na pobreza*".

Dende o noso punto de vista acadar este ambicioso obxectivo é posible se ademais das prioridades que mais adiante detallarei, se cumpre o requisito de erradicar a aporofobia nas políticas públicas e tres principios transversais: coordinación, compromiso en orzamentos e planificación e enfoque nas causas e nos dereitos.

**Temos claro o compromiso contra a aporofobia, o odio e a intolerancia.** Na cidadanía galega de xeito rotundo co seu voto e neste Parlamento cando recoñecen que "*As persoas non son culpables da súa pobreza nin do seu sufrimento*" ou que "*Ningunha persoa é inútil*".

E moito mais cando engaden unha frase que, de implantarse, suporía unha revolución nos servizos sociais, rachando coa vixente culpabilización das persoas "*Nin a pobreza nin a exclusión social se combaten de xeito individual*".

É urxente **seguir avanzando na coordinación dentro de cada administración e entre os tres axentes do sistema público de servizos sociais:** Xunta, administración local (concellos e deputacións) e Terceiro Sector de Acción Social con enfoque de dereitos.

Semella obvio dicir que a vida das persoas non se organiza por consellerías nin por concellalías, mais a realidade segue a ser moi diferente. Confésolles que en moitas ocasións as organizacións e as persoas sentimos que **se quere confinar á pobreza na Consellería de Política Social** ou nos departamentos de servizos sociais.

A sanidade, o emprego, a vivenda, a educación, a igualdade e o fomento económico ou industrial **son e fan política social**.

Dentro da Xunta de Galicia, é un avance a creación da Dirección Xeral de Atención Integral Sociosanitaria, pero vemos imprescindible a **implicación directa da Presidencia ou Vicepresidencia** que asegure a sistematización da redución burocrática, a coordinación entre todas aquelas áreas que fan política social e a harmonización de requisitos e interpretación da normativa nos departamentos de Intervención ou asesoría xurídica..

Sería necesario que canto antes cumpriran o seu compromiso electoral e se puxera en marcha a **Comisión Administración Autonómica e a FEGAMP** para que no 2021 se estableza un acordo de responsabilidades e competencias e o seu financiamento.

Tamén debería impulsarse a nova **Axenda Social de Galicia**, unha excelente iniciativa con compromisos e medidas conxuntas de Xunta de Galicia, FEGAMP e EAPN Galicia.

A pobreza non se acompaña, combátese. E como calquera outra política de estado, non se improvisa nin consiste nunha suma de medidas curtopraxistas de escaso impacto e dubidoso éxito comunicativo. Esixe constancia e un **compromiso de estabilidade orzamentaria, planificación estratéxica a medio e longo prazo e transparencia** no seguimento de indicadores e medidas.

A **Estratexia de Inclusión Social e Laboral 2021-2025** debería supor un exemplo neste senso, establecendo obxectivos cuantificables de inclusión social e laboral dos grupos máis vulnerables. E dende logo se vai acompañada dun **sistema aberto e continuo de transparencia e rendición de contas** en Xunta, concellos e deputacións que evite moitas discusións bizantinas nesta cámara por exemplo. Na execución orzamentaria e en indicadores como os prazos de resolución de expedientes (RISGA, certificados de discapacidade) ou de atención en servizos sociais comunitarios

O último principio transversal é obrigado cando se cree que as persoas non son culpables da súa exclusión. **Loitar contra as causas da pobreza e a desigualdade dende un enfoque de dereitos** esixe fuxir do asistencialismo e asegurar non so a satisfacción incondicional das necesidades básicas senón tamén o dereito, non a obriga, a unha inclusión social activa baseada na garantía de ingresos.

Permítanme recoñecer á Consellería por escoitarnos e implantar a **Tarxeta moedeiro Básica**. Un primeiro paso que ademais da diminución drástica de burocracia, supón un recoñecemento obrigado da profesionalidade nos Servizos Sociais Comunitarios- aínda mais coa súa elevada carga de traballo-, así como unha inxección económica para os comercios de proximidade.

Entendemos que esta iniciativa **debe ser permanente**, mentres as persoas ou familias non pasan canto antes a percibir un Ingreso Mínimo Vital ou RISGA. E tamén que se debe asegurar a **implicación técnica das entidades recoñecidas do Terceiro Sector Social**.

A Tarxeta Básica é un exemplo de aposta pola dignidade das persoas e non pola súa estigmatización. **Pero lamentablemente esta non é a norma**. Sen ánimo de polemizar pero quero transmitirllas o noso profundo malestar cando ano tras ano temos que presenciar como **moitos concellos seguen a evadir a súa responsabilidade** promocionando campañas de recollida e reparto de alimentos en vez de asegurar a dignidade das persoas e a súa inclusión social.

Dende estes principios transversais, temos claras varias prioridades de actuación das que, destaco catro. O detalle está no documento "As persoas primeiro" que xa teñen:

## **Garantir o dereito a unha vivenda digna e accesible, multiplicando o alugueiro social e a rehabilitación con este fin.**

**A vivenda é o primeiro!** Non hai día en que nas nosas organizacións non escoiten este berro. Por iso síntome obrigada a recoñecer a **nosa frustración e ata impotencia por non estar sendo capaces de transmitir coa gravidade que merece a situación de emerxencia residencial** na que viven milleiros de familias galegas.

O elevado gasto en vivenda non digna nin accesible está a actuar como un *aspirador de rendas* que obriga as persoas en pobreza a priorizar gastos, incluso na calidade da alimentación, e impide de facto o éxito nos procesos e medidas de inclusión social.

O [Informe FOESSA](#) xa alertaba que no 2018 a [exclusión residencial afectaba ao 35%](#) da poboación galega ou que o 64,9% das persoas en exclusión estaban afectadas pola dimensión de vivenda. Que 61.400 fogares eran inseguros; 47.400 inaxeitados ou que nada menos que 189.500 nos que vivían 511.000 persoas padecían situacións de insalubridade.

O 47% das persoas en pobreza severa [gasta mais da metade dos seus ingresos en pagos relacionados coa vivenda](#), segundo o INE. [O prezo medio dos novos alugueiros](#) no 2020 situouse nos 429 euros, fronte aos 363 do 2015, segundo o Observatorio da Vivenda da Xunta

*"Non ter unha vivenda digna mata, e con agonía" denunciaban persoas afectadas no noso Encontro de Participación. Para poñerlles cara aos números leo so algunhas das decenas de situacións concretas que están a afrontar nas nosas entidades:*

*"Familia con seis menores en situación irregular. Sus ingresos derivan de la actividad en economía sumergida. Nadie les alquila ya que no cumplen los requisitos del mercado. Las opciones que les aportan son los adultos a un albergue y los menores a centros."*

*"Masificación en fogares ao non ter outro remedio que realugar cuartos, polos que se está cobrando arredor de 200€. Familias con menores vivindo nunha habitación). Durante o confinamento tiveron que pasar dous meses nese cuarto e os nenos apenas teñen espazo nin ferramentas para estudar adecuadamente"*

*"Mujer ciega. Cobra una prestación básica que invierte, casi en su totalidad, en pagar una habitación en una pensión en unas condiciones totalmente insalubres"*

*"En muchos casos, como el alquiler no está declarado legalmente, no pueden empadronarse en esa vivienda, por lo que no pueden acceder a ayudas ya que el padrón es uno de los requisitos para solicitarlas"*

*"Situaciones de violencia de género en las que la víctima se mantiene en la vivienda con el agresor ya que teme no tener opciones para dar cobertura en alojamiento a sus hijos/as y a ellas mismas"*

*"Familias con menores con discapacidad severa que requieren viviendas accesibles y que no resulta posible por su alto coste y por la falta de viviendas adaptadas"*

Con este panorama entenderán que á consellería e concellalías de política social podémoslle reclamar que fagan a súa labor coas súas competencias. Pero, ao igual que nas nosas entidades, non podemos facer maxia.

Valoramos positivamente o esforzo e medidas das administracións responsables pero temos o convencemento de que non será factible unha recuperación económica e social mentres non se afronte esta emerxencia, polo que a nosa primeira recomendación sería a **creación dunha Comisión parlamentaria sobre exclusión residencial**. Que impulse medidas como as seguintes:

- **Eradicación urxente do chabolismo e a infravivenda.**
- Implantación plena do Plan de Atención ás Persoas sen Fogar 2019-2023.
- Promover o **acceso á 40.000 vivendas dignas e accesibles no 2023**. Impulsando radicalmente o alugueiro social, financiando obras de rehabilitación e accesibilidade con este fin, penalizando as [vivendas baleiras](#) ou perseguindo a infravivenda de alugueiro. Garantindo sempre a protección para propietarias e inquilinas.
- **Parque municipal básico de vivenda de emerxencia** e de recurso de transición por cada 10.000 habitantes (persoas sen fogar, vítimas de desafiuzamentos ou de violencia machista, persoas refuxiadas ou solicitantes de asilo, etc.).
- **Prevenición de desafiuzamento** que asegure o mantemento da vivenda sen agardar a que se produzan impagamentos e mesmo a execución.

O citado informe FOESSA alertábanos de que 128.000 fogares nos que viven 360.000 persoas con algunha discapacidade sufrían barreiras arquitectónicas. Esta situación empobrece aínda máis ás persoas con discapacidade ou dependencia.

Reiteramos a demanda do CERMI Galicia de **cumprir a lexislación vixente e asegurar a accesibilidade universal** en infraestruturas e edificios públicos e privados.

Creemos imprescindible **subordinar o investimento en obra pública da Xunta de Galicia a este obxectivo**. Promover actuacións que aseguren a liberdade para todas as persoas con mobilidade reducida e creación dunha partida económica específica (entre o 2% e o 5% de capital) en investimentos anuais para a eliminación de barreiras arquitectónicas.

Na emerxencia social na que estamos quero incidir con certa insolencia nesta prioridade: Unha activación económica e social crible implica que **o investimento en vivenda digna e accesible é a obra pública que debería ser prioritaria nos capítulos 6 e 7 dos vindeiros orzamentos en Xunta, concellos e deputacións...** e non tanto os minutos a Madrid en tren, as intermodais ou autoestradas ou novos edificios de oficinas.

*"Menos cemento e mais coñecemento"* reclamáronnos dende a Comisión Europea na presentación do FEDER 2014 -2020 Estamos de acordo nisto? Será esta unha prioridade nos fondos europeos para a recuperación? Porque créanme: as milleiros de galegos e galegas que viven en vivendas indignas ou que apenas poden saír das mesmas, si.

## Por en marcha un sistema de garantía de ingresos que asegure o dereito incondicionado á satisfacción das necesidades básicas e á inclusión sociolaboral.

"As rendas mínimas deben de ser canóns que impulsen ás persoas, non cadeas nos pes" reclamaban persoas afectadas no noso Encontro de Participación.

A aprobación do Ingreso Mínimo Vital é unha excelente nova tras anos de incidencia política. Lamentablemente, a premura na súa elaboración, a escasa coordinación con gobernos autonómicos, concellos e organizacións de acción social e unha elevada burocratización motiva que nestes intre a súa implantación sexa escasa. E agravada polo **aumento brutal da fenda dixital**.

Non temos dúbida de que estas eivas se resolverán e que en Galicia estamos ante unha oportunidade única para loitar contra a pobreza se no 2021 se confirma o **compromiso do Pleno de Investidura de blindar o orzamento da Renda de Inclusión Social de Galicia (RISGA)** asegurando a súa compatibilidade e subsidiariedade co Ingreso Mínimo Vital.

Na inminente modificación da Lei de Inclusión Social de Galicia cremos que se se debe recoñecer o **dereito subxectivo e incondicionado á supervivencia e a orientación cara a garantía de ingresos**. Especialmente en tres aspectos:

- **Complementando ingresos ata o limiar de pobreza relativa.** De xeito urxente (mesmo na Lei de acompañamento de orzamentos 2021) naquelas familias con nenos, nenas ou persoas con dependencia, duplicando o complemento vivenda ou valorando os coidados.
- **Aumentar cobertura do Ingreso Mínimo Vital** naquelas persoas, non so unidades de convivencia, non beneficiarias do mesmo que vivan en Galicia (incluíndo por tanto inmigrantes ou refuxiadas) ou con factores agravantes como violencia machista, etnia, idade ou discapacidade.
- **Asegurar o dereito á inclusión sociolaboral** e a un acompañamento estable e profesionalizado dende os Servizos Sociais Comunitarios e as organizacións do Terceiro Sector Social, reforzando os tramos de inserción e transición ao emprego.

## Redución drástica da pobreza e a exclusión infantil e xuvenil, apoiando especialmente ás familias.

"Os nenos e as nenas son o noso futuro". Debo confesarlles a nosa desconfianza cando escoitamos frases como estas. Os nenos e nenas son o presente, e algúns como Juan, Martiña ou Kristian dinnos cousas como estas:

*"Hai moitos nenos con pais que lles queren dar amor pero que non poden por problemas da vida"*

*"Precisamos ter unha sanidade e educación para estar sans e aprender"*

*"Tengo dereito a una familia, a un hogar y a alguien que me diga "buenas noches"*

O 20 de novembro será o Día Mundial da Infancia, e pouco futuro lles agarda ao 30,3% que estaba en risco de pobreza en España no 2019, so por debaixo dos mozos e mozas

de 16 a 29 anos. Como tampouco aos seus descendentes: o 80% están condenados a seguir na pobreza sen unha intervención pública radical e inmediata.

Ante estes feitos, entenderán o noso **escepticismo sobre o éxito das medidas contra o declive demográfico**. Escaso efecto terán mentres non se asegure a persoas e familias o benestar durante toda a súa vida ou mentres ter un fillo ou unha filla siga a ser un factor de empobrecemento. Máxime co agravamento das desigualdades, a fenda dixital na educación e mesmo a saúde mental, como lles detallarán dende as organizacións de infancia.

Xa incidín antes na oportunidade de loitar contra a pobreza infantil e xuvenil na modificación da Lei de Inclusión e co Ingreso Mínimo Vital. Pero **unha aposta pola infancia, ademais dunha lei específica** que mellore o seu marco de protección como reclamamos xunto á Plataforma de Infancia de Galicia debería incluír medidas como as seguintes:

- Educación de 0 a 3 anos universal e gratuíta.
- Despregamento da Rede Galega de Atención Temperá a toda a poboación galega.
- Pacto Galego de Educación Inclusiva. compensando as desigualdades sociais, en especial as provocadas polo agravamento da fenda dixital.
- Garantir o dereito á saúde en condicións de igualdade para tódalas persoas que viven en Galicia.
- Posta en marcha do Plan de Choque contra a pobreza que afecta ao 46,8% das familias Monoparentais, oito de cada dez encabezadas por unha muller.
- Recursos específicos para infancia e mocidade con enfermidades mentais ou á emancipación de mozos e mozas que abandonen o sistema de protección xuvenil.

**Asegurar un emprego digno e inclusivo, mediante o acompañamento estable e profesionalizado ás persoas en precariedade laboral ou con maiores dificultades de empregabilidade.**

*"A mellor política social é o emprego"* Outra frase feita que nos fai desconfiar.

Non calquera emprego protexe da pobreza. A última Enquisa de Condicións de Vida reflicte que as persoas accederon de xeito moi limitado ao emprego nos anos de recuperación económica anteriores ao confinamento, e se o atoparon foi de baixa calidade e en condicións de precariedade laboral.

*"Menos cursos e mais emprego!"* reclamaron con lucidez as persoas afectadas no Encontro de Participación. Esta frase resume moito do que podería comentar neste eido, no que non me vou a estender. Outras comparecentes o farán axeitadamente e varias das medidas estámolas a reclamar a nivel nacional. Si quixera destacar tres ideas.

- **Asegurar o dereito á inclusión sociolaboral** implica un acompañamento estable, persoalzado e coordinado entre Servizos Sociais e Emprego. Nos concellos e na Xunta de Galicia entre as consellerías de Política Social, Emprego e Igualdade e Educación. O fracaso dos tramos de inserción e transición ao emprego da Lei de Inclusión Social de Galicia está asegurado se non se entende así.

- Potenciar as organizacións do Terceiro Sector Social, vitais neste apartado, simplificando as convocatorias de fomento do emprego e dando competencias como colaboradoras estables dos sistemas públicos de emprego
- Un exemplo é o **"Programa de Posta a punto para o emprego"** para perceptoras de IMV ou RISGA e que podería ampliarse a calquera persoa en situación ou risco de pobreza ou exclusión social, con flexibilidade e axeitando a súa esixencia de resultados á extremadamente vulnerable situación das persoas .

Non quixera rematar sen comentarlles brevemente outras cinco claves transversais sobre as que nos gustaría chamar a súa atención. Como lles dixen teñen o detalle no documento "As persoas primeiro" que lle temos remitido previamente:

- 1.** Asegurar **servizos básicos contra a exclusión territorial e a pobreza rural**: sanitarios, sociais, educativos, transporte ou vivenda e erradicación da fenda dixital e de acceso ás novas tecnoloxías.

**Fomentar o emprego de calidade**, en dous eidos prioritarios: o aproveitamento do potencial da produción agraria e forestal e da súa transformación e o coidado das persoas, con especial atención ás oportunidades laborais das mulleres.

Ambos son piares fundamentais para a loita contra a despoboación e xeración de novas oportunidades de cara a un futuro sostible. Para afondar neles, onte puxemos en marcha unha consulta para obter propostas en servizos sociais, vivenda e emprego, así como para avaliar a eficacia do Plan de Desenvolvemento Rural 2014-2020. Comprométome a telas informadas dos resultados.

- 2.** Xa me referín á persistente feminización da pobreza e a exclusión. Pero quixera explicitar que loitar contra está obriga a a facelo tamén contra a **violencia machista, en especial a mais extrema por prostitución, trata e senfogarismo**.

Confiamos en que o antes posible se aproben medidas como a **Estratexia Galega contra a violencia machista**, a Lei Integral contra a Trata ou fomentar a **condea social dos demandantes de prostitución**.

- 3.** Ó longo desta comparecencia veño mostrando as múltiples caras da fragilidade e que protexer ás persoas implica moito máis que facelo ante a COVID19. É preciso construír unha sociedade corresponsable e que fortaleza o estado de benestar.

As consecuencias sobre as familias das labores de coidado de persoas maiores, especialmente as dependentes, xa viñan definidas como un forte factor de empobrecemento e exclusión social derivados de sobrecarga emocional, psicolóxica e económica que neste contexto sanitario agraváronse considerablemente.

É preciso erradicar o **"limbo da dependencia"**. Mentres a Administración Xeral do Estado non cumpre coa súa responsabilidade, a Comunidade Autónoma debe aportar apoio específico e estable as persoas coidadoras e reformular, á vista dos feitos, o modelo de atención ás persoas maiores en Galicia.

Recoñecer o **valor terapéutico dos servizos de atención diúrna**, promover a atención en domicilio e no seu defecto a atención de cercanía e reorientar o modelo residencial cara ás persoas e non a xestión.



E dende este enfoque e non con iniciativas ailladas, se debería por en marcha o previsto **Plan galego de loita contra a soidade non desexada**. Un plan que debería reflectir os múltiples tipos de soidade non desexada que sofre a nosa sociedade e que se viron agravadas coa pandemia.

4. Proclamar que as persoas non son culpables da súa pobreza é papel mollado se non se afronta con decisión a **loita contra a burocracia extrema**.

E inadmisíbel que os papeis, os mostradores ou unha desbocada fenda dixital sexan máis importantes que as persoas. E sorprende a resignación que atopamos ante a crecente e abafante burocracia das diferentes administracións públicas, ralentizando notablemente o noso traballo e sobre todo perxudicando as persoas ata o punto de **renegar do sistema público de servizos sociais**.

O presidente da Xunta ven de anunciar unha **lei que asegurará a diminución da xestión burocrática da Administración pública**. Unha excelente nova, pero so se inclúe ás persoas en pobreza ou exclusión e as organizacións do Terceiro Sector.

5. E remato falando precisamente do **diálogo civil coas organizacións non lucrativas do Terceiro Sector de Acción Social**. E pedíndolles un favor que igual lles sorprende: non nos feliciten nin usen palabras como solidariedade, axuda ou "*a nosa gran labor*".

*E unha obriga marabillosa non gañar nin un so euro cuidando e defendendo os dereitos de quen mais o precisa. As organizacións con enfoque de dereitos naceron e son parte da cidadanía galega. Estivemos, estamos e o estaremos antes, durante e despois da pandemia. Non por solidariedade, senón porque é a nosa obriga.*

Pero tamén **somos un sector produtivo máis, que crea valor económico e social como calquera** outro e coas mesmas, cando non superiores, complexidades de xestión e solvencia. Esenciais na reactivación de Galicia tralo COVID19 queremos ter acceso e competir en igualdade de condicións co resto de sectores produtivos: axudas de emerxencia, transición dixital, acceso a crédito e liquidez, etcétera.

Somos tamén **parte e garante do Sistema Público de Servizos Sociais e Emprego**. Por iso reclamamos unha **Lei do Terceiro Sector de Acción Social que regule o noso papel no mesmo**, a participación política e técnica nos procesos de inclusión social, o financiamento estable e asociado a resultados e o sistema de gobernanza e interlocución coas redes que o articulamos, en aspectos como os fondos europeos de reconstrución.

Agradézzolles de novo *o seu compromiso coa necesidade de seguir avanzando na loita contra a pobreza e a exclusión social*. Terannos sempre ao seu lado para facelo efectivo.

Moitas grazas.